

# CONCELLO DE XOVE

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 16 DE AGOSTO DE 2016.

### **ASISTENTES:**

#### **Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP)

#### **Concelleiros:**

D<sup>a</sup> Ana María Abad López (PP)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitin Guerreiro (PP)

D. Manuel Angel Meitín Rouco ( PP )

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Balseiro López (PP)

D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro (PP)

D. Marco López López (BNG)

D. José Manuel López Hermida (BNG)

D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup> Luísa Pernas Quelle (BNG)

#### **Secretario:**

D. Luís M. Fernández del Olmo

#### **Intervención:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

#### **Ausentes:**

D. Carlos Fernández Louzao(BNG)

D. José Manuel Balseiro Canoura (PP)

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día dezaseis de agosto de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º.- APROBACION DOS BORRADORES DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES (ORDINARIA DO 16.06.2016 e EXTRAORDINARIA DO 30.06.2016) ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ós borradores das actas das sesións

plenarias anteriores de data 16 de xuño e 30 de xuño de 2016.

O Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aprobar os borradores das devanditas actas.

### **2º.- INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL. DAR CONTA.**

Por Secretaría dáse á corporación do expediente do epígrafe.

O Concello Pleno dáse por enterado.

### **3º.- INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2016. DAR CONTA.**

Por Secretaría dáse á corporación do expediente do epígrafe.

O Concello Pleno dáse por enterado.

### **4º.- INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE E DO LÍMITE DE DÉBEDA CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2016. DAR CONTA.**

Por Secretaría dáse á corporación do expediente do epígrafe.

O Concello Pleno dáse por enterado.

### **5º.- SOLICITUDE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO 13 DE XULLO DE 2016 (DOG 140 do 26.07.2016 ) POLA QUE SE REGULAN AS BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O INVESTIMENTO NA MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS E DO EQUIPAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 E DOS PUNTOS DE ATENCIÓN Á**

**INFANCIA (PAI) DEPENDENTES DAS CORPORACIÓNS LOCAIS E SE CONVOCAN PARA O ANO 2016 ( COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2016 ). ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente elaborado polos Servizos Sociais Municipais ó abeiro da Orde do epígrafe.

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda solicitar ó abeiro da orde de referencia a seguinte subvención:

A) Para a execución das obras de mellora das fachadas da Escola Infantil de Xove ... 28.500,21 €

B) para equipamento da Escola Infantil de Xove ..... 3.667,53 €

C) para equipamento de material informático para a Escola Infantil de Xove ..... 6.959,08 €

Total ..... 39.126,82 €

; aceptando as condicións e requisitos establecidos na convocatoria.

**6º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Por Secretaría dáse lectura o rogo escrito presentado polo Grupo Municipal do BNG que a seguir se transcribe integramente:

***Carlos Fernández Louzao, Concelleiro do Grupo Municipal Nacionalista na Corporación de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, presenta o ROGO que segue:***

*No pleno do día 13 de outubro de 2014 a corporación municipal de Xove aprobou por unanimidade unha moción do noso grupo municipal na que se solicitaba que se adoptaran as correspondentes medidas para a eliminación da herba da pampa e se realizara unha campaña de concienciación social para impedir a súa expansión.*

*Á vista do incumprimento deste acordo plenario, atopámonos na obriga de presentar un rogo para que o Concello elimine ou faga eliminar de inmediato as matas existentes na Praia de Esteiro (bandeira azul), que xa son máis das que había o ano pasado, e que realice as xestións precisas para o seu control no resto do municipio. Tamén instamos a que se faga unha labor de concienciación na poboación e se remita información aos fogares sobre esta planta recollida no catálogo de especies invasoras da Xunta de Galiza.*

Polo Sr. Alcalde contestase que a Praia de Esteiro está incluída na Rede Natura, polo cal o Concello non pode efectuar actuación ningunha sen autorización expresa da Consellería de Medio Ambiente, quen a requirimento deste Concello ten contestado que xa ten partida asignada para controlar e evitar a expansión da Herba da Pampa.

Polo Sr. López Hermida rógase a colocación nas praias do Concello de elementos que faciliten o aparcadoiro axeitado e seguro de bicicletas durante o verán.

Polo Sr. Alcalde contestase que se poñerán coa maior brevidade posible.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dez horas vinte minutos da data indicada no encabezamento, levántase a sesión, estendéndose a acta presente de todo o tratado do que eu Secretario, dou fé.

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo.: Luís María Fernández del Olmo